

Onstopus

Xornal: anárquico-independente de Ons / **Saída:** cando lle peta / **Prezo:** cunca albariño caseiro / **Coordina:** Tinóns

<http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus/onstopus.htm>

Nº80/ Ano: 2023 / 1º xornal Mes de xaneiro / Estado de costa de xaneiro

Para comunicar con Onstopus: tinopardellas1957@gmail.com / celestinopardellas@gmail.com



Ons Activa. Actividade: “*Visita Arquitectónica*”. Posibilidade dunha Casa Museo na Illa. Páx. 1



O día da Educación Ambiental, o Parque comunicou un bo número de Actividades realizadas, pero aínda falta a dedicada á poboación de Ons con respecto á reciclaxe. Esperemos que este ano saia adiante. Páx. 2



O concello de Bueu segue sen pronunciarse a favor da cultura da Illa de Ons. Tampouco terá competencias? Páx. 2



Contos de Taberna Fonte do Gaiteiro
Un suceso sobrenatural que lle ocorreu ao noso querido Varu. Converterase esta Fonte en lugar de peregrinación Camawuiana? Páx. 3



Praia de Pragueira
Fronte á Illa de Ons. Temos que dicir que, nesta polémica dos pellets, que eu saiba, non apareceron por alí, sen embargo, cando hai un mínimo temporal, os cacharros ilegais do polbo, veñen visitarnos. Onde está a Consellería do Mar e o concello de Sanxenxo? Páx. 4



Xornadas e cursos de investigación
Importante que estes cursos teñan a posteriori, un formato en papel ou de xeito dixital. Páx. 5

CENTRO DE FOTOGRAFÍA
Unha interesante proposta de Anxo Cabada e de máis dun cento de fotógrafos. Páx. 6



ONS ACTIVA. Actividades Arquitectónicas

Ao longo de varios números, aínda que xa o tocaba o ano anterior, veño dando ideas para actividades a realizar polo Parque en Ons durante a tempada invernal.

En números anteriores toquei os temas da *Toponimia* e da *Micoloxía*, que serían de grande interese para a realización de excursións temático-didácticas por e sobre a Illa. Neste vou a tocar o da *Arquitectura*.

Ons, segundo o arquitecto Pedro de Llano, que estudou en profundidade a arquitectura da Illa, dixo que Ons posuía unha Arquitectura Popular Mariñeira das mellor conservadas da costa de Galicia. Aínda que iso dicíao a finais dos anos 70 s.XX, hoxe quizais quitaría o de conservada, debido á mala actuación da administración, a principios dos 90 s.XX, cando os aunienses comezaron a rehabilitar as súas vivendas e os xestores, no canto de axudar dando ideas e alternativas para unha restauración adecuada á tipoloxía urbanística da Illa, dedicáronse a prohibir, poñer impedimentos e denuncias a uns, deixar facer a outros,..., o que trouxo, ao non controlar as reformas, un pequeno descontrol que provocou actuacións desordenadas, algunhas inadecuadas e cambios estruturais nalgunhas das vivendas.

Pero, aínda así, segue tendo unha Arquitectura Mariñeira moi interesante, que xunto coas construcións anexas (piornos, fornos, alpendres, cortellos, casetas, cerrados,...), máis o Faro, a Capela, a Reitoral-Escola de Canexol,..., e a Casa dos Mouros en Chan da Pólvora, darían para unha interesante xornada lúdico-didáctica sobre o urbanismo e a arquitectura auniense.

Como sempre digo, e seguirei dicindo, só fai falla un/unha *técnico/a cultural* que saiba **DINAMIZAR** estas actividades, programando e organizando estas xornadas e compaxinalas con algún tipo de documental, pase de fotografías, charla,..., no Centro de Visitantes previa ou posterior ao percorrido a realizar. Como dixen nas anteriores propostas, só habería que presentar este plan na universidade, en especial á de arquitectura (neste caso), para ter un bo número de participantes que, ademais co tempo, ata poderían dar ideas e formar proxectos de futuro para a recuperación da que foi a mellor Arquitectura Popular Mariñeira de Galicia.



VIVENDA MUSEO EN ONS

Na presentación do documental “A última dorna de Ons” en Bueu, charlando con Anxo Cabada, comunicoume que para a reportaxe tamén pensaron no arquitecto Pedro de Llano, pero, por circunstancias varias, non puido ser a súa participación. Foi nese intre cando pensei no que xa tocara no nº 31 de Onstopus na súa páx.



4, onde contestando a unha suxestión exposta por un lector naquel intre, falaba da posibilidade de usar unha das vivendas ou edificacións anexas de Ons para realizar un pequeno Museo que nos informara de como era, exterior e interiormente, unha casa auniense de principios do século XX. <http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus/31/onstopus-31.pdf>.

Coido que sería unha boa idea que Parques se entrevistara con este arquitecto para coñecer a posibilidade de poder levar a idea da Casa Museo adiante e como serían as súas características segundo o que el puido investigar para a realización do seu magnífico traballo: “Ons, Arquitectura dunha Comunidade desaparecida”, publicado en 1981.

Tamén, aínda podemos contar con aunienses que poderían informar sobre as peculiaridades das vivendas desta época, xa porque tiveron a experiencia de vivir nelas ou por comunicación oral dos seus pais e avós. Entre a experiencia da veciñanza e a aportación que pode facilitar Pedro de Llano, podería Ons contar cunha Casa Museo que trasladaría aos veciños e visitantes a épocas pretéritas e coñecer máis polo miúdo a difícil e precaria situación pola que pasaron os antepasados dos hoxe veciños de Ons.



O LIXO EN ONS

O tema do lixo na Illa xa foi tocado neste minixornal en varias ocasións, a última no nº 73 do mes de setembro na súa páx. 1

<http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus/73/onstopus-73.pdf>

Nese número comentaba que a Consellería de M. Ambiente contratara unha empresa, “Ascán”, para a realización dese cometido durante os anos 2023 e 2024. Tamén que ían elevar os servizos que ata ese ano se levaban a cabo. Que ían a facer limpeza varias pola illa,..., e ademais ían realizar unha campaña de concienciación, con respecto á reciclaxe e usos de materiais de limpeza, con charlas aos veciños e donos de restaurantes.

Teño serias dúbidas sobre se se cumpriron eses compromisos contratados, aínda que, a recollida de lixo polas casas fíxose correctamente ou, polos menos, ningún veciño se queixou dese servizo.

Aínda estamos a 2 meses da Semana Santa e a 5 do comezo da tempada de verán. Coido que é un bo intre para ir programando coa empresa esas charlas á veciñanza e aos propietarios de negocios, pero tamén, a Consellería ten que predicar co exemplo e levar a cabo unha recollida selectiva, cunha boa reciclaxe, poñendo por barrios ou por número de casas, uns contedores para vidro, pilas e plásticos e, en especial, para *aceite de cocina* co fin de evitar que vaia cara ás depuradoras e as fosas sépticas.

Anos levamos pedindo estas medidas, pois dende a Consellería gastan un bo número de cartos a nivel autonómico para concienciar, pero xusto en Ons, que son eles os que realizan ese cometido, non predican co exemplo e non o levan a cabo.

Esperemos, hai tempo para programalo, que este ano cumpran co prometido.

Na foto: Un contedor de aceite en plena rúa en O Grove.



FOTO INTERESANTE

Non deixaría de ser unha foto máis con carácter político-institucional, pero para min ten un toque especial, xa que vemos que dúas Consellerías (Cultura e Medio Ambiente) traballan xuntas para realizar algo positivo, como é neste caso a restauración da Capela da Illa de Cortegada, illa pertencente ao único Parque Nacional galego, pois, normalmente, cada unha soe pandar polo seu lado cando é de actuar no campo da outra.

Pero tamén, pola presenza do Alcalde de Vilagarcía, que vén a demostrar, xunto co de Vigo, que no Grupo de Goberno destas vilas, teñen preocupación por todo o que respecta á Illa que lles pertence ao seu municipio, teñan ou non competencias, como por desgraza non realiza o seu homólogo con respecto á Illa de Ons, que usando esa frase: <fallo de COMPETENCIAS>, agás para pedir o voto nas municipais, a preocupación pola súa illa, Ons, é moi escasa.

Ons ten unhas características culturais importantísimas nas que o concello de Bueu pode participar para o seu estudo, investigación e divulgación. As súas suxestións, en todos os campos, deberían ser tomadas moi en conta pola Consellería e Organismo xestor (Parques) e tería que estar informado puntualmente e participar en toda toma de decisións sobre este arquipélago. Por poñer uns exemplos: Cando despois de moitas décadas solicitándoo, por fin se realiza unha exhaustiva escavación do Castro dos Mouros en Canexol e se comproba a súa importancia, nin unha pequena nota de prensa sacou o concello ao respecto e, ata se me apuran, creo que o representante cultural coñeceuno grazas á programación feita por Parques con motivo da presenza do Presidente da Xunta hai dous anos.

Outra é que este pasado ano, non solicitaron subvención a Parques (coido que foi o único concello dos catro que están na, mal chamada Area de Influencia, que non a solicitou), cando sería interesante, por dar unha idea, o propoñer un estudo etnográfico a algún especialista e solicitar a axuda a Parques. ...

E, xa non digamos, non asistir á reunión do Padroado deste 2023. Non tiñan nada que aportar?

Estamos á espera que o novo Grupo de Goberno, coa inclusión do PSOE e o cambio nalgunhas das concellerías, entre elas Cultura, teñan nestes anos de lexislatura máis preocupación pola súa Illa. E que o único partido da oposición, do mesmo grupo político que o que xestiona o Parque, tamén se preocupe, dando suxestións ao respecto e propoñendo ao Grupo de Goberno máis interese por este arquipélago e a súa comunidade veciñal.



Interesantes paneis informativos que no seu día, grazas a unha subvención de Parques, realizou o concelleiro de M. Ambiente de Bueu, Adrián Ferrer. Do pouco que se fixo por parte do concello de Bueu.

“A FONTE DO GAITEIRO, NA BANDA OESTE DE ONS. CONVERTERASE NO 2024 EN LUGAR DE PEREGRINACIÓN CAMAWUAIANA?”

Nos anos 80 s.XX os habitantes da acampada de Melide (Camawei) pasaban o verán en tendas de campaña e en cabanas feitas no eucaliptal e a carón da praia. Tiñan ata alcalde, Manolo, un rapaz de Pontevedra, pequeno pero de forte carácter, que exercía de líder dos campistas máis asiduos e que pasaban longas tempadas acampados, de aí que fora alcuñado como “*O Alcalde de Melide*”, e así era respectado e coñecido en toda a Illa.

Facían vida entre a zona arborada e a praia, sendo o nudismo un xeito de coexistencia diaria. Pola mañá, algúns achegábanse ata Curro á busca de víveres e pan fresco, o resto do día pasábano na praia, agás á hora do xantar.

Tiñan uns costumes que desenvolvían case diariamente como era ir ver a posta de sol ao alto do Centulo ou ao Xobenco, logo a cea e despois iniciaban camiño cara a Curro para pasar gran parte da noite no <Chechus Pub>, no <Garulaitis Disk> e, os máis marchosos, rematar no <O que faltaba Night>.

Xa a finais dos 80, outros campistas foron chegando e substituíndo aos primeiros e, a xa chamada pola oficialidade Zona de Acampada de Melide, trocou o seu nome por “Camawei”, exclamación que fíxose famosa entre os alí acampados, pasando a ser coñecida esa acampada co nome de, <Camawei>



Outro dos costumes dos Camaweis era, a carón de despedir a finais de setembro a todos os que marchaban no “Panchus Ship” cun <calvo>, facer unha excursión rodeando toda a Illa, parando nos lugares máis emblemáticos de Ons. A ruta a seguir era:

Saíndo de Camawei e despois de pasar Curro, collían camiño de Canexol e Pereiró, para ao chegar á zona sur da Illa, baixar primeiro ás Pontes (debaixo do hoxe Miradoiro de Fedorentos), para logo achegarse á praia de Fedorentos a darse un baño e comer. Deseguido visitaban o Buraco do Inferno, e de camiño, seguir cara ao norte polos pequenos carreiros existentes pola zona oeste, que logo Agricultura ancheou creando a coñecida como “Ruta do Cormorán”.

Refrescábanse na pequena fonte de Caniveliñas para posteriormente realizar unha visita aos colegas Campistas do Pinal, (logo coñecido como Zona de Acampada de Chan da Pólvora). Seguían rumbo ao Faro e sen achegarse a el, paraban de novo a refrescarse na Fonte do Gaiteiro. Xa por último, e antes de chegar de novo a Camawei, se na expedición ía algún dos aunienses, Camilo ou Manoliño (Perrenco), subían ao Alto do Cerrado e estes encargábanse de explicarlles como dende el vixiaban, cando se andaba á ameixa coa arte prohibida do can, se pola ría de Arousa ou a de Pontevedra, viña o barco da Armada para, ao velo, avisar cunha especie de bandeira que, segundo como a moveran, os mariñeiros sabían se o “Caixon” (nome que tiña o barco de vixilancia da Armada) viña de Arousa ou de Marín.

Xa dende o Cerrado baixaban a Camawei para seguir a súa vida diaria. O percorrido duraba, normalmente, todo o día, levando comida e bebida e sendo o lugar preferido para o xantar a Praia de Fedorentos.

Pois ben, o pasado outono o Camawuaiano, Varu, realizou en solitario ese percorrido para recordar aquelas excursións Camawuaianas.

Visitou todos os lugares simbólicos daquela, non podendo baixar ás Pontes nin á Praia de Fedorentos, por ser zona de paso restrinxido, tampouco se puido refrescar na Fonte de Caniveliñas nin visitar o Faro ao atoparse sen Fareiros xa, polo que se dirixiu á Fonte do Gaiteiro.



Foto: Varu Camawei

APARICIÓN DA “VIRXE CAMAWUAIANA”

Despois de saciar a súa sede, quedou abraiado!!!, cando despois dunha forte luminaria, presentóuselle, na pequena cova da fonte, a “Virxe Camawuaiana”. Estupefacto e sen poder articular palabra algunha, axeonlouse e escoitou unha voz que lle dicía:

“Varu Camawei, ti es o elixido!!!. Es o único que non perdeu o espírito Camawuaiano, polo que tes a misión de intentar conseguir que Camawei, polo menos, volva a ser unha praia nudista. Polo que, comezarás falando cos xestores do Parque para declarar o 2024, como Ano Xubilar Nudista Camawuaiano”.

Logo a “Virxe” desapareceu, non sen antes dicirlle que non revelara o lugar da <aparición> polo feito de que non se converta en lugar de <Peregrinación Camawuaiana> e os “prohibidores oficiais” rebaixen máis a cota de visitantes.



Pellets e Cacharros ilegais do polbo

Cando esta nova escribo (11/01/2024), estamos na Praia de Pragueira, fronte a Ons,.

Galicia está inmersa na problemática dos pellets cargados nun contedor perdido por un mercante á altura de Portugal. Están aparecendo ao longo das costas e praias galegas, chegando tamén a Asturias e Cantabria.

Hai teorías diferentes sobre a toxicidade deste produto e a repercusión ecolóxica e económica que pode producir, o que está a provocar un despregamento de voluntarios e persoal da Xunta e Estatal para intentar minimizar esta problemática, que algúns xa comparan coa do Prestige.

A data de hoxe, na praia de Pragueira, non temos visto ningún, cousa estraña tendo en conta que xa, a pasada semana, apareceron na Illa de Ons (Praia de Area dos Cans), segundo limos na prensa.

Como pasou en Ons co chapapote do Polyconmander que estivo depositado en varias zonas da praia de Area dos Cans case 22 anos e que limparon debido á catástrofe do Prestige, co tema dos pellets está a pasar o mesmo, pero con material diferente (cacharros do polbo).

Debido ao forte mar, a principios de xaneiro 2024, apareceron de novo en Pragueira un bo número de cacharros ilegais para a pesca do polbo. Dimos coñecemento, pero o concello de Sanxenxo non veu retiralos. Estiveron ciscados pola praia ata que, co tema dos pellets e a chegada de xente para comprobar se os había nesta praia, aproveitaron para retirar os cacharros e depositalos nos camiños para a súa recollida. Só cambiaron de sitio, agora están nos camiños pero o Concello, ou a quen corresponda, non veñen retiralos.

Algúns están amoreados no camiño que pertence á *Ruta do Pai Sarmiento*, moi empregada, sobre todo as fins de semana, dando unha imaxe de abandono que provoca críticas cara ao Concello de Sanxenxo.

Penso que non custa tanto o poñer algún tipo de contedor para que a xente que ten a ben recoller o lixo que o mar trae ás praias, teña onde colocalos; aínda que de nada vai servir se o concello, con certa asiduidade, non os baleira.



ONS NA MEMORIA

Habitantes de Melide no Acuña a principios dos 80 s.XX. Entre eles, Manolo, coñecido como “O Alcalde de Melide” cunha serpe ao pescozo.

Tamén na foto podemos ver aos aunienses Manoliño (Perrenco) e a Antonio (O Ruso). Polas tardes desprazábanse ata Curro para saborear unhas cervexas.

Logo cambiábase para o Checho á espera de que alguén, con guitarra, amenizara a noite. Aínda non funcionaba o bar-disco.



PAPADELA DO GALO POR SAN AMARO

Como todos os anos, a cuadrilla de Noalla celebra o San Amaro na zona de Arra cunha boa papadela de Galo.

Este ano non puideron asistir por razón persoais, pero, como podedes ver, había unha boa representación do máis selecto da parroquia e algún achegado, aínda que con fortes vinculacións gastro-vinícolas e de amizade coa zona.

Segundo contan, a cea foi excelente, celebrada no Restaurante Xerfa de Arra. Agora, quedamos á espera da próxima o martes de Entroido.

IV XORNADAS DE INVESTIGACIÓN DO PARQUE NACIONAL DAS ILLAS ATLÁNTICAS

8 e 9 de novembro de 2017

Día 8 de novembro:
Seguimento e investigación no medio mariño

Día 9 de novembro:
Seguimento e investigación no medio costeiro e terrestre

Sede do Parque Nacional das Illas Atlánticas
Edificio Cambón,
Rúa Oliva 3, 36202 Vigo

Inscripción:
goo.gl/forms/EdYed7m5E36fhFrQ2

Contacto:
iatlanticas@xunta.gal
886 218 090



Fotos do Parque Nacional onde podemos observar a divulgación sobre xornadas e cursos de investigación que realizan sobre as illas do Parque.

Red para la Recuperación de los Ecosistemas Marinos en el Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia

Sentido común no mar: o plástico, un crebacabezas

09:30h Apertura e presentación da xornada

D. José Pelayo Miquez Baños, Decano do Colexio Oficial de Biólogos de Galicia
D. José Antonio Fernández Bouzas, Director do PNMTIAG

09:45h Estratexia galega para a redución do uso do plástico

Dña. Verónica Tellado Barcia, Subdirectora Xeral de Resíduos, Xunta de Galicia

10:30h O impacto dos plásticos sobre os cetáceos e tartarugas

D. Alfredo López Fernández, Coordinadora para o Estudo dos Mamíferos Mariños

11:15h Pausa café

11:45h Os plásticos no medio mariño: na procura das súas fontes de orixe

D. Jesús Gago Piñeiro, Instituto Español de Oceanografía

12:30h Upcycling the Oceans

Dña. Rosa Chávarri López, Ecoembes

13:15h Mesa redonda: Accións multisectoriais cara ao uso apropiado dos plásticos

Dña. Angeles Longa Portabales, Depto. I+D do Consello Regulador do Mexillón de Galicia


D. Javier Garcia Galdo, Técnico en Xestión Sostible de Recursos Mariños

D. Jesús Gago Piñeiro, Instituto Español de Oceanografía

Moderador: D. José Antonio Fernández Bouzas, PNMTIAG

14:15h Clausura

Dña. Belén María do Campo Piñeiro, Directora Xeral de Patrimonio Natural, Xunta de Galicia



XORNADAS DE INVESTIGACIÓN E CURSOS DO PARQUE NACIONAL

O pasado ano 2023, celebráronse no Centro de Interpretación do Parque Nacional sito en Vigo, as VIII Xornadas de Investigación do Parque Nacional Illas Atlánticas. Tanto nestas como en todas as anteriores, as temáticas tratadas eran de gran interese durando, polo xeral, unha ou varias xornadas.


Coido que poden ser moi aproveitadas e útiles, sobre todo, para aqueles que estamos vinculados a esas illas e ao seu estudo, tendo en conta que ás veces e por diferentes circunstancias, non poden acudir todas as persoas que quixeran, quedando estas un pouco orfas en datos, instrucións, métodos, técnicas,..., que de seguro redundarían na ampliación dos seus coñecementos sobre todo no relacionado coas illas deste Parque.

Non sei si dende a Dirección do Parque estiman conveniente que os relatores, antes ou despois das súas exposicións, entreguen un documento escrito que conteña o relatado na súa conferencia.

Sería moi interesante para, posteriormente, realizar de xeito anual unha especie de cadernos ou pequenos libros, que abarquen todos os temas, separados por especialidades ou temáticas, que se tocaron nesas xornadas, cursos, divulgacións, charlas, conferencias,..., que o Parque realiza ao cabo do ano.

Eses cadernos ou libros, poderían ser consultados na biblioteca do propio Parque polas persoas interesadas e que non puideron asistir, ou tamén, mercalos para o seu propio arquivo. Aínda que, para facilitar máis a lectura e que chegue a un maior número de persoas, tamén os poderían dixitalizar e poñelos ao servizo dos lectores na súa páxina web.

Polo exposto, que coido é un tema interesante, propono ao Director do Parque Nacional que faga o posible para que o tratado nesas xornadas, cursos, conferencias,..., quede reflectido nuns cadernos para posteriormente podan ser lidos polas persoas interesadas e, a poder ser, as colguen na súa páxina web para unha mellor visualización.



SALGADOIRO de SUXESTIÓNS

Un lector envioume este escrito reivindicativo do fotógrafo Anxo Cabada no que solicita, xunto a outros de Vigo e coa sinatura de máis de 100 fotógrafos de nivel, a necesidade dun **Centro de Fotografía** que sirva para conservar, dixitalizar,..., e difundir este legado cultural importantísimo.

NECESIDADE DUN CENTRO DE FOTOGRAFÍA

A sociedade galega, pola súa historia, ten un patrimonio fotográfico moi singular e importante. Dende os fotógrafos que estaban establecidos en pequenas poboacións ata os estudos das cidades, pasando pola fotografía afeccionada, configuraron un rico acervo que constitúe a nosa memoria visual. Grande parte destes arquivos perdeuse ou viuse deteriorada co paso do tempo. Outros moitos consérvanse grazas aos esforzos das persoas que os herdaron, nas mellores condicións que poden, que distan moito de ser as máis axeitadas e ameazan con seguir deteriorándose ou perdéndose. É certo que hai institucións que conservan algúns arquivos, mais non dispoñen dos equipamentos necesarios nin do persoal adecuado para garantir a conservación, dixitalización, procesado e difusión dos mesmos. As persoas que asinamos o presente escrito, fotógrafos e fotógrafas, persoas vinculadas ao comisariado, a estudos históricos..., consideramos que é preciso a creación dunha institución que conserve, dixitalice, procese, organice, difunda e promova o estudo do noso rico patrimonio fotográfico, poñéndoo a disposición da actividade investigadora, tanto da historia da fotografía, como doutras múltiples disciplinas para as que a fotografía pode ser de interese. Gran parte dos posuidores e posuidoras de arquivos aceptarían depositalos, cunhas cláusulas de cesión adecuadas, nun centro desas características, co que se evitaría o deterioro que en moitos casos están a sufrir. Consideramos así mesmo que o interese pola fotografía histórica ten que ir acompañado dunha política adecuada de cara a potenciar a creación fotográfica contemporánea. Gustaríanos que tiveran en conta esta reivindicación de creación dunha institución especificamente fotográfica que cumprira os obxectivos sinalados para revertir a situación actual poñendo en valor o noso patrimonio fotográfico e apostando pola fotografía como un medio de creación contemporánea.-

Considéroa unha idea moi importante a levar a cabo a nivel autonómico e penso que, agora que estamos en eleccións, os partidos políticos terían que levar esta idea no seu programa.

Eu non son fotógrafo profesional, nin tan sequera afeccionado, pero pola miña gran propensión á Historia e a Etnografía, xa dende mediados dos anos 70 e cun gran esforzo económico, xa que era estudante e só dispoñía da asignación semanal que os meus pais podían darme e tendo a sorte, por diferentes razóns, de poder viaxar por toda Galicia, facía un bo número de fotos de todo tipo de monumentos, festas, traballos agrícolas e mariñeiros, acontecementos,..., e detalles que me chamaban a atención, sempre tendo en conta o custo dos carretes e das diapositivas.

Neste intre teño unha boa colección de diapositivas de Ons, dende logo, pero tamén de toda Galicia. Están arquivadas nas súas follas respectivas, pero están a sufrir un deterioro causado polo tempo de máis de 50 anos e os fungos.

As de Ons teño ideas varias de futuro para elas, como as posibles doazóns a Parques, ou algún museo,..., ou persoa que eu mire que ten interese pola Illa. Pero as que teño de toda Galicia, a dicir verdade, estaban un pouco abandonadas nos seus álbums respectivos, pero, esta idea de Cabada fíxome reflexionar, polo que apoiareina e, de non saír adiante, mirarei tamén de deixarlhas a algún museo que lles interese.



Exemplo de fotos da miña colección. De arriba – abaixo:

-“Airiños do Ulla”. Festa Viquinga. Catoira.

-Coche fúnebre. Soutelo de Montes.

-Traballando a terra. Campa da Braña. Ancares.

-Comezos do incendio do casino de Pontevedra.

-Santa Marta de Ribarteme.